

# CPR Plurilingüe Niño Jesús de Praga

[Versión 1.1\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1.Introdución

### Datos básicos do centro

O Colexio CPR Plurilingüe Niño Jesús de Praga é un centro concertado propiedade das Fillas da Caridade e situado na rúa Areal 92 en Vigo con Email: <http://colegionjp.hcaridadgi.org>, Páx

ina Web: <http://www.colegionjp.hcaridadgi.org/>

O colexio dispón dunha soa linea desde 4º de infantil ata 4º da ESO con 321 alumnos e 26 profesores.

### 1.1.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro: o centro, ubicado nunha zona da cidade privilexiada, conta cunha contorna de nivel sociocultural medio/alto ó igual que acontece no marco económico.
- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo: o Plan Dixital de Centro pretende ser unha base sólida onde asentar as aprendizaxes do alumnado, así como favorecer unha boa comunicación entre toda a comunidade educativa. E por suposto, pretende dar cobertura a todo ó alumnado. Este PD é esencial para poder elaborar e lavar a cabo outros plans de centro, coma o Plan Lector, Plan de Convivencia ou o Plan de Acollida e Autoprotección.
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23. Debido á nova lexislación os centros deberán modificar determinados aspectos das programacións coa fin de adaptarse a este novo contexto educativo, no que o PD pasará a ser unha parte, se cadra máis activa, do proceso de ensinanza / aprendizaxe. As programacións deberán reflectir as propostas que plan desexa facer efectivas no noso centro. Tamén figurarán procesos formativos para que o profesorado poida dar resposta as demandas formuladas neste plan.

### 1.2.Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

- Realización do SELFIE. Data: 15 de Febreiro 2022
- Realización do CDD. Data: 24 de Marzo 2022
- Realización do DAFO. Data: 3 de Abril 2022
- Realización do PLAN DIXITAL. Data: 10 de Junio 2022

### 1.3. Proceso de elaboración

Ou equipo de dinamización do Plan dixital está formado por 4 profesoras. A coordinadora é a responsable TIC do centro e docente de secundaria. As outras docentes abarcan desde as áreas de Primase e Infantil e secundaria. É polo tanto un grupo heteroxéneo e permite visualizar toda a realidade do centro. Traballouse en todo momento en equipo e distribuíndose as diferentes actividades.

## 2. Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Tecnoloxía e velocidade da conexión a Internet do centro: 600Mbps.
- 
- Rede mixta cableada (principalmente en categoría 5e) con velocidade de 100Mbps e 1Gbps e ampliación de catro nodos da rede á tecnoloxía inalámbrica mediante dous puntos de acceso de 54 Mbps e dous de 600 Mbps.
- 
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
  - O centro dispón de:
    - todas as aulas dixitalizadas (portátil, cañón e PDI)
    - 3 equipos de xestión e administración,
    - 2 equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos,
    - 1 aulas de informática con 25 ordenadores
  - O centro non dispón de:
    - Non dispón do proxecto E-Dixgal
    - Equipos ultraportátiles para aula móbil.
    - Ordenadores na biblioteca do centro.
    - Dotación para proxectos específicos
- Servizos dixitais educativos: páxina web do centro, aula virtual TEAMS, plataforma EDUCAMOS conexión profesores-alumnos-familias.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro realizada por unha persoa allea ao centro

- Software libre instalado nos ordenadores

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

A enquisa preparouna as coordinadora TIC e engadiu ás preguntas ofrecidas pola plataforma SELFIE, as preguntas suxeridas pola Xunta. Realizouse no centro educativo, durante o mes de Xaneiro e participaron todos os alumnos de secundaria e 4-5 de Educación primaria.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	4.1	4.1			
	Profesorado	3.5	3.5			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6	3.6			
	Profesorado	3.2	3.2			
	Alumnado	2.4	2.4			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.2	4.2			
	Profesorado	3.6	3.6			
	Alumnado	2.7	2.7			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.5	3.5			
	Profesorado	3.3	3.3			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.6	4.6			
	Profesorado	4.2	4.2			
	Alumnado	3.6	3.6			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.2	4.2			
	Profesorado	3.9	3.9			
	Alumnado	3.1	3.1			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5	3.5			
	Profesorado	3.6	3.6			
	Alumnado	2.8	2.8			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.3	4.3			
	Profesorado	3.9	3.9			
	Alumnado	3.1	3.1			

Test CDD:

O test CDD foi realizado por un numero baixo de docentes e creo que os resultados non se axustan ben á realidade do centro.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>26</u>	42,3%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
102	Experto/a (B2)	76,5	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	131,2	Líder (C1)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>1</u>	<u>9,1%</u>
B1	<u>5</u>	<u>45,5%</u>
B2	<u>2</u>	<u>18,2%</u>
C1	<u>2</u>	<u>18,2%</u>
C2	<u>1</u>	<u>9,1%</u>
TOTAL	<u>11</u>	<u>100%</u>

Outras fontes: Incluir a información relativa a outras fontes empregadas para a análise DAFO.

## 2.2.Análise DAFO

Reunímonos en varias sesións todo o equipo do plan dixital do centro e tras a consulta do SELFIE e do documento CDD montamos os nosos DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dispoibilidade de equipos para a aprendizaxe na aula</li> <li>2. Acceso a internet en todas as aulas do centro</li> <li>3. Taboleiros dixitais en todas as aulas do centro</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dificil conexión a WIFI pola estrutura do edificio</li> <li>2. Equipos obsoletos en breve tempo</li> <li>3. Asistencia técnica non inmediata en caso de avarías</li> <li>4. Falta de equipos individuais para o alumnado.</li> <li>5. Estructura do edificio</li> <li>6. Acondicionamento de Espazos</li> <li>7. Limitación de espazos</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Claustro de profesorado fixo</li> <li>2. Implicación alta do profesorado no uso das TIC' s</li> <li>3. Gran difusión na redes</li> <li>4. Tamaño reducido do claustro favorece a coordinación e o traballo cooperativo</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de formación docente</li> <li>2. Falta de tempo e burocracia</li> <li>3. Falta de tempo para desenvolvemento de Software Educativo</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Alumnado implicado e colaborativo no uso das TICs</li> <li>2. Comunicación fose do centro entre alumnado e profesorado a través da plataforma en liña</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de recursos para o acceso fose do centro</li> <li>2. Falta de habilidade dixital aplicado á aprendizaxe</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comunicación fose do centro entre alumnado/familia e profesorado a través da plataforma en liña</li> </ol>	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Centro pequeno e familiar</li> <li>2. Boa localización do centro</li> <li>3. Diversidade na comunidade Educativa</li> <li>4. Coordinador TIC</li> <li>5. Boa comunicación entre o equipo directivo e claustro</li> <li>6. Existencia dunha contorna virtual: TEAM, STREAMING, WEBEX</li> </ol>	



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Facilitar cursos de formación para os docentes no uso da TICS</li> <li>2. Recibir o apoio da Consellería de Educación</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dificultades económicas para investir en materiais TIC</li> <li>2. Falta de recoñecemento e apoio</li> </ol>
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Promove como un obxectivo o uso da TIC en todas as áreas educativas</li> <li>2. Establecer as directrices xerais para a utilización das Tics</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Exceso de Burocracia</li> <li>2. Constantes cambios na política educativa ou lexislación</li> <li>3. Curriculumns centrados en contidos e non en competencias</li> </ol>
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Boa localización do centro</li> <li>2. Boas relacións con entidades e organismos próximos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Baixa natalidade</li> <li>2. Existencias de varios centros educativos próximos</li> </ol>
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Xera vínculos entre os diferentes usuarios (centro-ANPA)</li> <li>2. Apoio do ANPA económico</li> <li>3. Compra por parte do ANPA de equipos informáticos</li> <li>4. Recollida de dispositivos para familias con dificultades por parte do ANPA</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de tempo para a dedicación ao Centro</li> </ol>
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Traballo colaborativo con outros centros en redes sociais</li> <li>2. Difusión dos nosos proxectos en revistas e portais educativos</li> <li>3. Posibilidade de formación gratuíta (profesorado e alumnado)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dificultade para chegar a acordos</li> </ol>

## Plan de Acción

### 2.3. Obxectivos, indicadores e accións

Tras o estudo do DAFO constatouse que nosa principal ameaza é a área de infraestrutura. Sen a devandito área, o plan dixital do centro é inviable. Por tanto, os nosos principais obxectivos este ano e que nos darán a base para o futuro son :

1. OBXECTIVO : Mellorar a redeWIFI do Centro Educativo : partimos dun 0 % e queremos chegar a ter un 50%, é dicir, ter polo menos todos a área de secundaria do centro con WIFI
- 2 . OBXECTIVO : Adquirir equipos informáticos individuais-alumnos. Por agora o centro dispón dunha aula de informática onde o alumno traballa cos medios dixitais, pero queremos que sexan os medios dixitais os que entren na aula co alumno. Para iso solicitaremos E- dixgal para 1ESO. (30 postos)
3. OBXECTIVO : Formación do profesorado nas tecnoloxías a usar na aula e-dixgal . Comezando este ano co profesorado de secundaria e esperaremos que o 100% deste alcance os obxectivos:

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan

### 2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas:

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas:

	Dotación	Necesidade	Finalidade
<b>Infraestrutura</b>	<i>WIFI no Centro</i>	<i>El centro no dispone de WIFI en ninguna de las aulas de secundaria ni en el edificio de 5-6 de EP</i>	<i>Solicitar o proxecto E-dixgal para o vindeiro curso escolar 23-24</i>
<b>Equipamento</b>	<i>7 portátiles 3 canóns</i>	<i>Os computadores dalgunhas aulas están obsoletos e non temos ningún de respuesto en caso de avaría</i>	<i>Mellorar a iteración e motivación do alumnado e continuar coas clases virtuais</i>
	<i>1 equipo de sobremesa</i>	<i>Para a Biblioteca do centro</i>	<i>Mellorar o prestamos do</i>

	<p>1 impresora para a sala de profesores</p> <p>7 Ratons na aula de informática</p>	<p>Impresión de documentos para o docente</p> <p>A sala de informática é usada por todos os alumnos do centro e ten un uso masivo</p>	<p>Libros e asi fomentar a Lectura no alumnado</p> <p>Un traballo mais doado</p> <p>Mellorar e actualizar as aulas.</p>
<b>Servizos dixitais</b>			

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: C. INFRAESTRUCTURA EQUIPOS						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a redeWIFI do Centro Educativo				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	número de aulas con WIFI					
Valor de partida (3)	0%					
Valor previsto e data (4)	50%			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Elaboración do proxecto de mellora da rede WIFI do Centro	Equipo do PLANDIXITAL	Primer trimestre do curso 2022-2023	Reuniones de equipo Actas das reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Destinar parte do orzamento na WIFI do Centro	Equipo directivo	Fin de curso	Axudas económicas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Instalar nas aulas de secundaria a nova WIFI	Equipo directivo	Fin de curso	Axudas económicas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
2. OBXECTIVO (1):	Adquirir equipos informáticos individuais-alumnos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de equipos actualizados					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	60 (1ESO)			Fin curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1:Elaboración documento e-dixgal	Equipo do PLANDIXITAL	2º trimestre do curso	Documento da Xunta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2 Aprobación do documento	Equipo directivo Coordinador TIC	2º trimestre do curso	Documento E-dixgal aprobado polo equipo directivo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: : Presentación do documento na Xunta	Equipo directivo	2º trimestre do curso	Documento e-dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>		Formación do profesorado no tecnoloxías a usar na aula e-dixgal			Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>		Equipo directivo			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>		% de profesorado do centro participante na formación				
<b>Valor de partida (3)</b>		0				
<b>Valor previsto e data (4)</b>		10				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1. Solicitar á CFR o curso de formación e-dixgal a través de FPROFE	Os docentes de 1 da ESO Coordinador TIC	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2 Realización do curso	Equipo directivo	Fin de curso	Lugar de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3 Revisión do curso ou actividades realizadas por los participantes	Equipo directivo	Fin de curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - b. **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - e. **Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) INDICADOR:** Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento



## Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación procesua: unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final: unha vez ao ano (fin do curso escolar). Os aspectos a considerar serán: a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora, Definición dos novos obxectivos a traballar.

## 3. Difusión do plan

O protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital estará coordinado co Equipo de Comunicación e Redes Sociais do centro. A estratexia a seguir será a seguinte:

1. Información ao claustro e comunidade educativa mediante unha reunión formativa por parte do Equipo do Plan Dixital para comunicar a estratexia que se levará a cabo durante o curso escolar.
2. Acceso previo de todo o claustro ao documento do Plan Dixital mediante o ser accedo á Plataforma Dixital do centro, para que poidan consúltalo coa fin de resolver dúbidas na reunión previamente mencionada.
3. Publicación na Páxina web do centro do Plan Dixital para que as familias teñan acceso directo a información e poidan coñecer os avances.
4. Comunicación mediante correo electrónico interno ás familias do Plan Dixital por parte da dirección do centro, así como envíos de información periódica para informar dos avances acadados.
5. Publicación por parte do Equipo de Comunicación nas Redes Sociais do centro, así coma nas da ANPA en colaboración cos diferentes equipos de traballo.

Así mesmo, os diferentes equipos estarán a disposición da comunidade educativa para sesión de información e formación en relación ao Plan Dixital do centro.

Todas estas medidas estarán coordinadas co Equipo de Comunicación e Imaxe de Marca da Titularidade dos centros educativos e traballarase dende unha perspectiva conxunta de equipo.

